



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

IES Arcebispo Xelmírez II
Irmandiños 15, 15704 Santiago de Compostela
☎ 881 867 055 ✉ ies.arcebispo.xelmirez.2@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarcebisoxelmirez2/>



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



IES ARCEBISPO XELMÍREZ II

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Capítulo I

CURSO 2022-2023

TÁBOA DE CONTIDOS	Páxina
DOCUMENTO 1. PLAN ANUAL	3
1. O CENTRO	3
2. SINAIS DE IDENTIDADE	4
3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	4
4. ASPECTOS ORGANIZATIVOS	9
4.1. PERSOAL	9
4.1.1. Persoal non docente:	9
4.1.2. Persoal docente:	9
4.2. ORGANIZACIÓN ACADÉMICA: OFERTA EDUCATIVA E MATRÍCULA	11
4.3. COLABORACIÓN CON ENTIDADES EXTERNAS	11
DOCUMENTO 2. HORARIO E CALENDARIO	13
1. HORARIO LECTIVO	13
2. OUTROS HORARIOS	14
3. CALENDARIO DAS AVALIACIÓNS	14
4. DÍA NON LECTIVO	15
DOCUMENTO 3. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	16
1. TRANSPORTE ESCOLAR	16
1.1. Usuarios e normas	16
1.2. Persoal docente encargado de recepción e saída do alumnado transportado	17
1.3. Rutas de transporte e itinerarios.	17
1.4. Usuarios por ruta e parada	18
1.5. Plan de emerxencias	21
2. OUTROS SERVIZOS	21
ANEXO I. Concreción anual do plan de atención á diversidade	22
ANEXO II. Directrices anuais do plan de convivencia	27
ANEXO III Plan anual de lectura.	30
ANEXO IV Plan anual de promoción de estilos de vida saudable	34
ANEXO V Concreción anual do plan TIC e de educación dixital	37
ANEXO VI. Plan de igualdade	39
ANEXO VII. Addenda ao proxecto lingüístico	48

DOCUMENTO 1. PLAN ANUAL

1. O CENTRO

O IES Arcebispo Xelmírez II comparte co IES Arcebispo Xelmírez I unha longa historia que arranca en 1845 no Pazo de San Xerome. Tras un traslado á Praza de Mazarelos, o instituto fixou a súa sede en 1965 no edificio de San Caetano que desde 1984 é sede da Xunta de Galicia. Por este motivo o instituto Arcebispo Xelmírez foi dividido en dúas sedes, unha no Campus sur e outra na área de San Caetano, sendo esta última a que recibiu o numeral dous por unha mera cuestión de data de entrega das instalacións. O IES Arcebispo Xelmírez II, ubicado na rúa Irmandiños, ten como zona de influencia os barrios de Vite, Vista Alegre, Xoán XXIII, Salgueiriños, As Cancelas, Cruceiro da Coruña e Meixonfrío, así como a zona rural do norte de Santiago.

Os CEIPs adscritos son o Arquitecto Casas Novoa, o Apóstolo Santiago, compartido co IES de Sar, o de Vite, o CEIP de prácticas López Ferreiro, compartido co IES Xelmírez I, e o CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, compartido co IES Antonio Fraguas.

No 1º curso de Bacharelato, o alumnado procede, ademais do propio centro, de tres centros adscritos: do IES de Oroso, do CPI de Bembibre (Val do Dubra) e do CPI Viaño Pequeno (Trazo). Recibir alumnado de catro concellos distintos singularízanos en Santiago, e implica unha diversidade que enriquece a convivencia no centro. Sen embargo supón para o alumnado unha dificultade engadida para os desprazamentos, por non haber moitas alternativas de transporte público.

Nos últimos anos o crecemento poboacional na zona norte de Santiago determinou un incremento no número do alumnado, e un cambio no seu perfil sociocultural, que está a elevarse.

O nivel socioeconómico dominante é o de clase media. Entre as familias con menos recursos o impacto da crise iniciada hai dez anos elevou as taxas de paro e diminuíu os seus recursos. As crises económicas dos últimos anos están a ter tamén un forte impacto que debe ser tido en conta no deseño das actividades do centro.

No centro está escolarizado alumnado de minorías étnicas, con predominio da xitana. Se ben representan un modesto 2,03 % do total da matrícula, concéntranse en 1º e 2º ESO (poucos superan ese nivel) e presentan problemas académicos e con frecuencia de conduta derivados da súa falta de expectativas escolares. En tódolos casos o Departamento de Orientación establece estratexias para concienciar o alumnado e as súas familias da necesidade de acadar unha titulación e poder aumentar as súas expectativas sociais e laborais.

Nos últimos anos elevouse o número de alumnado inmigrante. No presente curso escolar hai 29 alumnos de nacionalidade estranxeira (4,9% do total, a maioría latinoamericanos) aos que hai que sumar 18 alumnos de nacionalidade

española pero nacidos e criados no estranxeiro, polo que son susceptibles de sentiren o mesmo desarraigo e as mesmas dificultades académicas. Estes 47 alumnos representan case o 8% do total, e son obxecto de especial atención. Xunto coas minorías étnicas, o centro sitúa entre as súas prioridades o éxito educativo destes colectivos e o desenvolvemento pleno das capacidades deste alumnado.

2. SINAIS DE IDENTIDADE

Do seu dilatado pasado o IES Arcebispo Xelmírez II herdou o compromiso coa mellora da práctica docente, a innovación pedagóxica e a defensa da identidade cultural galega. Hoxe, orgulloso da súa diversidade e consciente do seu papel como garante da igualdade de oportunidades na comunidade á que serve, o IES Arcebispo Xelmírez II é firme defensor do ensino público en canto pilar fundamental do estado de benestar e mecanismo básico de equidade e xustiza social. Cre polo tanto nun ensino

- inclusivo, que permita desenvolver ao máximo as capacidades de todo o alumnado, con independencia da súa orixe ou características.
- baseado na convivencia, a tolerancia e o respecto mutuo entre tódolos membros da comunidade educativa.
- que alén do estritamente académico sexa escola de vida que forme cidadáns críticos, activos, comprometido cos valores da democracia.
- proxectado no futuro, favorecendo a autonomía para a aprendizaxe continua ao longo do vida.

Polo tanto, os valores que constitúen as sinais de identidade do centro, tal e como figuran nas páxinas 19 a 21 do PEC, son:

- aconfesionalidade
- pluralismo ideolóxico
- valores democráticos e cívicos
- protección do dereito ao honor e á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe
- igualdade entre homes e mulleres e coeducación
- respecto polas distintas linguas e potenciación do galego como lingua propia da Comunidade Autónoma
- convivencia harmónica da tradición e a innovación
- concienciación medioambiental e educación para a saúde

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Para o curso 2022-2023 establécense os seguintes obxectivos específicos:

1. Mellorar a participación e colaboración das familias, coas seguintes medidas:

- Reunións iniciais do equipo directivo e os titores coas familias
- Reunións individuais das familias co profesorado
- Comunicación permanente e colaboración coa ANPA, de maneira particular en actividades extraescolares ou a programación de conferencias ao alumnado
 - ✓ Responsables: Equipo directivo, profesorado titor, profesorado.
 - ✓ Recursos: Espazos do centro, orzamento do centro, contribución da ANPA.

2. Manter un bo clima de convivencia escolar, a través das seguintes medidas:

- Concienciación do alumnado da importancia dun clima de convivencia agradable, involucrando á Xunta de Delegados na proposta de actuacións e toma de decisións
- Consolidación do plan de Tutoría entre Iguais.
- Colaboración cos servizos sociais do Concello e outros organismos externos para a detección de problemas sociais con impacto no ámbito escolar e deseño de estratexias de actuación
- Deseño dun plan de convivencia adaptado ás necesidades reais do centro
- Aplicación do Plan do Acción Titorial e de tódalas medidas contempladas na programación anual do Departamento de Orientación con especial énfase na resolución de conflitos
- Coordinación entre o Departamento de Orientación, coordinadora de Convivencia, Xefatura de Estudos e Dirección para o seguimento semanal das incidencias relativas á convivencia e, de ser o caso, adopción das medidas oportunas
 - ✓ Responsables: Equipo directivo, profesorado titor, departamento de Orientación, profesorado do centro.
 - ✓ Recursos: Dotación do centro

4. Manter o centro no mellor estado, concienciando ao alumnado da importancia da conservación das instalacións e o material, minimizando os desperfectos, con medidas como:

- Actividades de concienciación do alumnado, e implicación da Xunta de Delegados, mantendo a tendencia positiva no coidado do material nos últimos anos.
- Pronta reparación dos posibles desperfectos.
- Presentación recorrente da petición ante a Consellería dunha necesaria intervención no centro, especialmente para reparar a cuberta do pavillón, a beirarrúa perimetral e os tellados.
 - ✓ Responsables: Equipo directivo, profesorado do centro, alumnado.
 - ✓ Recursos: Dotación do centro

5. Promover a innovación educativa e a excelencia académica, favorecendo a interdisciplinariedade na práctica docente, a través de:

- Participación en plans e programas de innovación:
- Club de Ciencia
- Plan Proxecta
- Oferta de seccións bilingües en inglés de Física e Química en inglés en 2º e 4º ESO e de Educación Plástica e Visual de 1º ESO e 3º ESO.
- Celebración do VI Premio Ofelia Devesa de Innovación Educativa, adiado a causa da pandemia, e convocatoria do V Premio.
- Acto de lectura dos traballos do Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, ante a comunidade educativa e representantes de universidades e centros de investigación
- Participación no proxecto MaruamaSat.
- Promoción de actividades extraescolares e complementarias interdepartamentais
- Colaboración de diversos departamentos en proxectos de centro
- Colaboración de distintos departamentos no Plan de Biblioteca e nos diferentes programas de innovación educativa desenvolvidos no centro.
- Deseño interdisciplinar do Bacharelato STEM, Club de ciencias, Club de Lectura, PFPP e Plan Proxecta
- Solicitud dun CP-Innova, nas liña de excelencia e de promoción de estilos de vida saudable.
 - ✓ Responsables: profesorado participante nos programas
 - ✓ Recursos: dotación e orzamento do centro, orzamento dos programas aos que nos presentamos.

6. Potenciar a educación en valores e en particular a coeducación a través de:

- Aplicación do Plan de acción tutorial
- Aplicación do Plan de igualdade
- Visibilización do papel das mulleres en tódalas accións e proxectos educativos desenvolvidos polo centro
- Implantación de recreos activos en igualdade, minimizando a apropiación do espazo polos alumnos varóns
- Solicitud do CP-Inclúe, na modalidade Inclúe-T.
 - ✓ Responsables: Equipo directivo, profesorado titor, profesorado
 - ✓ Recursos: Os propios do centro, servizos sociais do Concello, fundacións e asociacións externas sen ánimo de lucro.

7. Diminuír o absentismo escolar, coas medidas seguintes:



- Comunicación ás familias das ausencias inxustificadas á maior brevidade posible, para poder evitar chegar á situación de absentismo
- Activación rápida do protocolo de absentismo, procurando a solución do problema sen chegar a completar o proceso previsto na normativa
- Colaboración cos Servizos Sociais do Concello para a concienciación das familias e o deseño de estratexias de actuación
- Solicitud de da liña do CP-Inclúe de prevención de abandono temperán e absentismo escolar.
 - ✓ Responsables: profesorado, profesorado titor, responsable da dinamización da convivencia, departamento de orientación, equipo directivo
 - ✓ Recursos: dotación e orzamento do centro, os establecidos no contrato-programa

8. Loitar contra o fracaso escolar e o abandono temperán (con particular atención ao producido en 2º ESO), promovendo o máximo desenvolvemento das competencias de todo o alumnado cunha axeitada atención á diversidade. As medidas adoptadas son:

- Desdobramentos e agrupamentos en 1º e 2º ESO, para permitir unha adecuada atención á diversidade e permitir o desenvolvemento das capacidades do alumnado con diferentes graos de dificultade de aprendizaxe
- Reforzos, apoios e outras medidas de atención á diversidade aprobadas polo claustro e a CCP.
- Solicitud de da liña do CP-Inclúe de prevención de abandono temperán e absentismo escolar.
 - ✓ Responsables: CCP, Equipo directivo, departamento de orientación, profesorado
 - ✓ Recursos: os propios do centro, dotacións dos Contrato-Programa, Plan Proxecta, Club de Letras, Club de Ciencia, Club de Lectura, Bacharelato STEM, Espazo Maker

9. Mellorar a formación do profesorado, a través do PFPP

- Desenvolvemento de cursos e seminarios de formación, centrados nas liñas de dixitalización e realización de vídeos didácticos.
 - ✓ Responsables: Equipo directivo, profesorado coordinador, profesorado participante, asesora do centro no CAFI
 - ✓ Recursos: os propios do PFPP, dotación do centro.

10. Promover o uso do lingua galega e o coñecemento e defensa da cultura galega

- Consolidación do galego como lingua vehicular na actividade cotiá do centro

- Apoio do equipo directivo ás accións deseñadas no Plan Anual do EDL para que teñan a máxima repercusión na comunidade educativa
- Actividades orientadas ao coñecemento e á valoración do patrimonio cultural galego
 - ✓ Responsables: EDNL, profesorado
 - ✓ Recursos: dotación do EDNL, subvención do convenio coa Fundación Paideia, orzamento do centro

11. **Potenciar o papel da biblioteca, con medidas como:**

- Incremento do profesorado que forma parte do grupo de biblioteca, na medida en que o permitiu o cupo docente asignado
- Plans de potenciación da lectura e de aproveitamento didáctico dos fondos da biblioteca
- Mantemento do Club de Lectura, en caso de que se manteña a súa convocatoria
- Aplicación do PLAMBE
 - ✓ Responsable: Equipo de dinamización da biblioteca, equipo directivo, profesorado
 - ✓ Recursos: dotación do PLAMBE e do Club de Lectura, orzamento do centro

12. **Mellorar o uso das TIC, incrementando os recursos materiais e promovendo un axeitado uso didáctico dos mesmos.**

- Mellora da dotación material nas aulas e outros espazos do centro.
- Deseño de estratexias didácticas para o óptimo aproveitamento didáctico da aula virtual do centro.
- Aplicación do plan TIC aprobado.
 - ✓ Responsables: Equipo de dinamización TIC, Equipo directivo
 - ✓ Recursos: dotación e orzamento do centro, dotación de EspazoMaker

13. **Impulsar a dimensión internacional do centro a través de:**

- Realización de intercambios con centros escolares estranxeiros no marco do convenio de acreditación Erasmus
- Colaboración con centros estranxeiros usando plataformas virtuais
- Seccións bilingües en Física e Química (2º ESO) e Educación Plástica e Visual (1º e 3º ESO).
 - ✓ Responsables: Equipo directivo, profesorado organizador das viaxes e intercambios, profesorado CLIL e coordinador de seccións bilingües, auxiliar de conversa
 - ✓ Recursos: material do centro, orzamento do centro

4. ASPECTOS ORGANIZATIVOS

4.1. PERSOAL

4.1.1. Persoal non docente:

O centro conta con dúas prazas de persoal subalterno, unha de administración, catro de limpeza, dúas coidadoras e un auxiliar de conversa para o alumnado de sección bilingüe.

Conserxes

Neste curso unha das conserxes traballa a media xornada, o que limita a posibilidade de apertura do centro e condiciona o deseño de actividades polas tardes.

Auxiliar administrativo

Desde 2016 o centro conta cunha única persoa en labores administrativos, o que supón unha forte carga de traballo, á que hai que engadir a xestión académica do alumnado de Bacharelato do centro concertado de La Salle.

A falta deste segundo posto administrativo faise notar especialmente en períodos de intenso traballo relacionado con trámites burocráticos (matriculación, probas ABAU, fondo de libros, bolsas...), de maneira que en momentos puntuais case se roza o colapso burocrático do centro, a tal punto que nalgún caso prodúcese unha inversión de roles tal que membros do equipo directivo acaban apoiando ao persoal de administración nas súas tarefas.

Persoal de limpeza.

O cadro de persoal de limpeza está formado por catro traballadores que reparten o traballo por zonas nos distintas andares.

Persoal auxiliar para tarefas de atención e acompañamento

O centro conta con varios alumnos que precisan de acompañamento a tempo parcial ou completo. Por este motivo, neste curso prestan servizo dúas coidadoras.

Auxiliar de conversa

Por contar con seccións bilingües, está asignada ao centro neste curso académico un auxiliar de conversa estadounidense compartido co CEIP As Fontiñas.

4.1.2. Persoal docente:

Claustro

O cupo de PES mantense en 50, como o curso pasado. A eles súmanse dúas prazas de Pedagogía Terapéutica e unha de relixión católica. Dúas docentes solicitaron redución de xornada, que cubrirán dúas persoas substitutas. En total o claustro queda así formado por 55 docentes. Das 53 prazas, 16 están cubertas por provisionais, ás que hai que sumar 2 prazas cubertas por permutas provisionais. A taxa de provisionalidade é polo tanto dun terzo, bastante elevada.

Equipos de traballo:

ENDL. Coordinador: Xaime Varela Sieiro

TIC. Coordinador: José Antonio Ferreira Lence

Biblioteca. Coordinadora: Ana Belén Blanco Varela

Convivencia. Coordinadora: Ana López-Felpeto Gómez

Consello Escolar

Neste curso 2022-23 o Consello Escolar debe ser renovado parcialmente.

Elixido o novo Consello constituiranse as diversas comisións no seu seo.

Prácticum do máster do profesorado

O centro está dende hai anos acreditado para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao Máster de Profesorado de Ensinanza Secundaria, de acordo co procedemento que establece se establece na ORDE do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio). No presente curso contaremos novamente cun grupo de docentes para titorizar as prácticas do alumnado do Máster

PFPP

O centro contará con dúas liñas de PFPP, unha delas de dixitalización e outra de internacionalización. Na primeira, á súa vez, dúas modalidades: unha centrada na realización ao longo do curso do Plan Dixital de Centro, e outra na realización de vídeos didácticos. En canto á liña de internacionalización, centrarase nun curso de actualización en lingua inglesa.

4.2. ORGANIZACIÓN ACADÉMICA: OFERTA EDUCATIVA E MATRÍCULA

No IES Arcebispo Xelmírez II impártese Educación Secundaria Obrigatoria e as modalidades de Bacharelato de Ciencias, Ciencias Sociais e Humanidades. Desde o pasado curso oferta o Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, STEMBach, do que agora se implanta o segundo curso.

O alumnado matriculado ascende a 590, co seguinte reparto:

Nivel	Curso	Nº Grupos	Alumnado
ESO	1º	3	90
	2º	4	117
	3º	3	78
	4º	3	72
BAC	1º	4	125
	2º	4	108

Tralo curso 21-22, en que foi preciso incrementar un grupo en 1º ESO, o centro parece ter acadado un volume de alumnado que podemos presumir estable. Rómpease así a tendencia á alza nos anos previos. Aínda así, os espazos do centro están próximos á saturación, xa que a optatividade e a existencia de agrupamentos demanda un uso de aulas superior ao número de unidades escolares.

EVOLUCIÓN DAS CIFRAS DE MATRÍCULA															
I.E.S. ARCEBISPO XELMÍREZ II															
ANO	08-09	09-10	10-11	11-12	12-13	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22	22-23
ESO	217	203	190	173	184	200	186	220	218	244	280	304	311	353	357
BAC	176	151	144	135	152	156	147	168	169	163	163	194	232	242	233
Total	393	354	334	308	336	356	333	388	388	400	443	498	543	597	590

4.3. COLABORACIÓN CON ENTIDADES EXTERNAS

- O centro ten asinado un convenio de colaboración coa **Fundación Secretariado Gitano** para desenvolver o seu programa Promociona, orientado a facilitar que alumnado de etnia xitana consiga o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- O centro participa no **Plan Comunitario de Vite**, da coordinadora de barrio, a fin de coñecer mellor a realidade de gran parte do alumnado, deseñar estratexias máis eficaces de intervención educativa e posibilitar a coordinación das actuacións no ámbito escolar por parte do centro e o sociofamiliar por parte dos servizos sociais e outras institucións.



3. A oferta do Bacharelato de Excelencia en Ciencia e Tecnoloxía implica a colaboración coa **Universidade** nas actividades extraescolares e no deseño e avaliación dos traballos do alumnado.
4. Co **concello de Santiago** vense colaborando en diferentes actividades, obradoiro e talleres expostos na programación do Departamento de Orientación.

DOCUMENTO 2. HORARIO E CALENDARIO

1. HORARIO LECTIVO

Días lectivos: de 8:30 a 14:10 en horario de mañá; de 16:20 a 18:00 os martes pola tarde; de 16:20 a 18:00 os xoves no caso do alumnado do Bacharelato de excelencia en ciencia e tecnoloxía, e do participante en programas e proxectos do centro.

O horario escolar queda establecido en períodos lectivos de 50 minutos tanto para ESO como para Bacharelato con 6 clases pola mañá, de 08:30 a 14:10. O martes pola tarde dous períodos lectivos de 16:20 a 18:00 h. O xoves, outros dous períodos lectivos co mesmo horario para o alumnado de STEM Bach. Os períodos de lecer son de 10:10 a 10:30 e de 12:10 a 12:30.

A apertura e peche do centro realizarase cunha marxe de media hora respecto ao inicio e fin das actividades lectivas. O horario das conserxes é o consignado no DOC do centro, coa excepción de que: as quendas poden ser rotadas entre as traballadoras por acordo entre elas e previa comunicación á dirección do centro; non sendo posible facer constar esta circunstancia no DOC, xa que o cadro de horarios deste documento establece unha semana fixa única, faise constar aquí. Igualmente, ao amparo do establecido no apartado 4 da Resolución do 29 de xaneiro de 2009, na que se indica que ao longo do ano poderá determinarse un horario diferente ao habitual (nun máximo de 10 días no ano para cada traballadora), o horario será adaptado nas semanas das avaliacións, ou en caso de precisarse a ampliación da apertura polas tardes debido ás actividades e proxectos desenvolvidos.

Canto ao horario xeral do curso, os criterios pedagóxicos para a súa elaboración son:

- atender á diversidade nos termos decididos na CCP e no claustro (agrupamentos, reforzos, optatividade)
- cubrir o máis posible as as gardas de aula e dos recreos dos máis pequenos
- abrir o máximo posible a aula de convivencia inclusiva



2. OUTROS HORARIOS

Horario de administración

O horario de administración é o consignado no DOC: O horario de atención ao público ten lugar desde as 09:30 ata as 14:00.

Horario non lectivo

Dada a limitación derivada de ter unha conserxe a media xornada, o centro permanecerá pechado fóra do horario lectivo, agás para actividades correspondentes aos proxectos de excelencia académica, formación do profesorado, reunións dos órganos colexiados, etc.

Aquelas actividades que teñan lugar no pavillón, que ten acceso independente, non suporán a apertura do centro.

En días laborables non lectivos o horario de apertura é de 9:00 a 14:00.

En período de vacacións adaptarase o período e horario de apertura ás necesidades do centro e á época do ano.

Horario de verán

Desde o remate do período de matrícula ordinario, atenderase ao público de 10:00 a 13:00. En agosto establecerase un calendario de gardas, que afectará ao equipo directivo e ás conserxes. Dado que só hai unha persoa en tarefas administrativas, o mes de agosto será o das súas vacacións.

Horario de biblioteca

A biblioteca estará aberta e ao dispor do alumnado nos recreos.

Horario de uso do pavillón por parte de outras entidades

Previa solicitude por escrito, o consello escolar aprobará o uso do pavillón por parte de entidades deportivas de base, que realicen a súa actividade con deportistas en idade escolar.

3. CALENDARIO DAS AVALIACIÓNS

As datas das sesións de avaliación así como as horas e lugar de realización das mesmas foron propostas pola dirección do centro na comisión de coordinación pedagóxica. As datas propostas son as seguintes:

	AVALIACIÓN INICIAL	PRIMEIRA AVALIACIÓN	SEGUNDA AVALIACIÓN	AVALIACIÓN ORDINARIA DE BAC, PREVIA Á FINAL DE ESO	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA
ESO/ 1º BACH	3-6 outubro	28 novembro-1 decembro	13-16 de marzo	5, 6, 7, 8 xuño*	22, 23, 26, 27 xuño*
2º BACH	-----	24 de novembro	2 de marzo	<i>Segundo proposta da CIUG</i>	22 xuño*

**Segundo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*

4. DÍA NON LECTIVO

O día non lectivo aprobado por Claustro e Consello é o 19 de maio, venres.

DOCUMENTO 3. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

1. TRANSPORTE ESCOLAR

1.1. Usuarios e normas

No impreso de matrícula o alumnado de ESO con dereito a transporte escolar indicou a ruta e a parada solicitadas. O alumnado de Bacharelato (sen dereito de transporte escolar pero coa opción de ser usuarios extraordinarios no caso de haber vacantes) puido facer tamén petición de ruta e parada.

En setembro procedeuse a rexistrar o alumnado solicitante de transporte na aplicación web da Consellería. Debido ao incremento de matrícula algunhas rutas saturáronse e o alumnado de bacharelato quedou sen praza, o que supón unha dificultade para as familias afectadas.

O alumnado usuario de transporte escolar ten que ser consciente das situacións de risco e seguir as normas básicas de seguridade viaria (puntualidade na chegada á parada, prudencia á hora de subir e baixar do vehículo, non colocarse diante ou detrás del, cruzar por sitio seguro, atender os sinais de tráfico, etc.) así como as normas de civismo e seguridade dentro do vehículo durante a viaxe (ir sempre sentados, non comer nin beber, limpeza, ausencia de ruído, entrada e saída ordenadas, non asomarse polas ventás, non apoiarse nas portas...)

Os responsables do alumnado encargaranse do traslado dos seus fillos e fillas desde o domicilio á parada tanto á ida como á volta do servizo de transporte, de chegar con tempo suficiente, e de seguir as normas de seguridade viaria básicas evitando así calquera situación de risco. Os responsables do alumnado teñen que seguir as directrices para o transporte escolar establecidas pola Consellería e polo IES Xelmírez II, mediante unha autorización expresa que exima á Consellería e ao centro de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables .

Se o alumnado transportado e/ou as súas familias detectan algunha deficiencia no servizo, deberán comunicala ao instituto. A dirección do centro comunicará tales deficiencias verbalmente e/ou por escrito á empresa para a súa corrección, sen prexuízo da súa notificación por escrito ao Servizo de Recursos Educativos Complementarios da Delegación Territorial.

En caso de atraso na viaxe de ida ao centro (primeira hora da mañá ou primeira da tarde) debe comunicarse o feito ao equipo directivo no número **881 867 055**.

O centro, preocupado polo caos de tráfico á entrada e saída do recinto escolar, ten solicitado en reiteradas ocasións ao concello que se desprace á zona a policía local, e mesmo que se corte o tráfico na rúa Irmandiños durante os quince



minutos de chegada e saída de autobús. Ata o momento a petición non foi atendida.

1.2. Persoal docente encargado de recepción e saída do alumnado transportado

As gardas de bus serán realizadas nas entradas por dous docentes, e na saída por un. Na maior parte dos casos trátase de membros do equipo directivo.

A chegada dos autobuses non debe realizarse antes das 08:20 ou das 16:10, e en caso de non ser así o profesorado de garda de transporte encargárase de que o alumnado non baixe do vehículo ata a hora indicada.

O persoal encargado controlará tamén que a saída dos autobuses do centro se produza respectando unha marxe de tempo prudencial duns cinco minutos, de xeito que o alumnado teña tempo suficiente para acceder ao servizo desde que soa o timbre ás 14:10 ou ás 18:00 horas.

Se un usuario do transporte escolar perde o autobús, ten que comunicalo de inmediato cun membro do equipo directivo, que anotará a incidencia e tomará a decisión de esixirlle á empresa o retorno ao centro para recoller o usuario ou, en caso de atraso inxustificado por parte deste, de poñerse en contacto coa familia ou responsables para xestionar a recollida do alumno.

Ante irregularidades que poida haber no servizo de transportes a persoa de garda poñeráse en contacto coa empresa para solucionar a incidencia. De non ser posible o contacto coa empresa chamarase ás familias para a súa recollida por elas ou por persoas autorizadas, e no caso de isto non ser posible poñeráse a incidencia en coñecemento das autoridades locais para que se encarguen de acompañar o alumno ao domicilio.

1.3. Rutas de transporte e itinerarios.

O IES Arcebispo Xelmírez II conta con 6 rutas de transporte adxudicadas a unha UTE liderada pola empresa Monbus e da que tamén forma parte a compañía Grabanxa.

Contamos tamén cun servizo de transporte adaptado para tres alumnos, acompañados dunha coidadora.



1.4. Usuarios por ruta e parada

Ruta: XELMÍREZ II-ALBUDIÑO

Nº Contrato: ED150623

Tempo: 39 min

ORDE	PARADA	ESO	BAC	TOTAL
0	Arcebispo Xelmírez II	0	0	0
1	CEIP de Vite I	1	1	2
2	Vista Alegre	14	4	18
3	Torreira -	4	0	4
4	Pardaces	0	1	1
5	Aradas 1	1	0	1
6	Aradas 2	1	0	1
7	Brins	2	0	2
8	Roan 1	0	0	0
9	Roan 2	2	1	3
10	Vilas	0	0	0
11	Fontoade	0	0	0
12	Lamascal	0	1	1
13	Albudiño	0	2	2
	Totais	25	10	35

Ruta: XELMÍREZ II-CHORENTE

Nº Contrato: ED150621

Tempo:43 min

ORDE	PARADA	ESO	BAC	TOTAL
0	IES Arcebispo Xelmírez II	0	0	0
1	Rúa do Tambre	2	0	2
2	Garabal	1	3	4
3	As Pereiras	4	1	5
4	A Gracia	2	2	4
5	Marzoa de Abaixo	0	0	0
6	Vilar de Outeiro	4	1	5
7	Verdía	4	0	4
8	Lobra	1	2	3
9	Insuas	2	0	2
10	A Casanova	0	0	0
11	Neiro	1	0	1
12	Busto	1	1	2
13	Currais	1	2	3
14	Vilares	0	0	0
15	Chorente	0	0	0
	Totais	23	12	35



Ruta 3: XELMÍREZ II – PONTE VILAR

Nº Contrato: ED150620

Tempo: 28 min

ORDE	PARADA	ESO	BAC	TOTAL
0	IES Arcebispo Xelmírez II	0	0	0
1	Vilares 1	0	0	0
2	Vilares 2	4	0	4
3	Polígono do Tambre 1	1	0	1
4	Polígono do Tambre 2	4	0	4
5	Via Marconi	5	0	5
6	Rebordaos	3	1	4
7	Escarabuñas	1	0	1
8	Son de Abaixo	2	0	2
9	Son de Arriba	1	0	1
10	Ponte Vilar	2	1	3
	Totais	23	2	25

Ruta: XELMÍREZ II – MIRAMONTES

Nº Contrato: ED150624

Tempo: 38 min

ORDE	PARADA	ESO	BAC	TOTAL
0	IES Arcebispo Xelmírez II	0	0	0
1	Avda Castelao II	15	0	15
2	Tras-Igrexa	0	0	0
3	Avda. Castelao I	12	5	17
4	Torreira-Romaño	6	1	7
5	Monte da Vila	0	0	0
6	Peregrina	0	1	1
7	Bargo	1	0	1
8	Miramontes	2	0	2
	Totais	36	7	43



Ruta: XELMÍREZ II – RAMIL

Nº Contrato: ED150610

Tempo: 38 min

ORDE	PARADA	ESO	BAC.	TOTAL
0	IES Arcebispo Xelmírez II	0	0	0
1	Meixonfrío	12	0	12
2	Rúa do Tambre	12	0	12
3	Formaris	1	2	3
4	Sionlla de Arriba	2	0	2
5	Sionlla de Abaixo	2	0	2
6	Sionlla de Abaixo 2	1	0	1
7	Reboredo 1	1	0	1
8	Aldea de Abaixo	2	0	2
9	Tras Igrexa	1	1	2
10	A Torre	4	0	4
11	Barreiro	1	0	1
12	Vilariño	3	0	3
13	Nemenzo	4	1	5
14	Cortos	1	0	1
15	Marantes	2	1	3
16	Ramil	1	0	1
	Totais	50	5	55

Ruta 6: XELMÍREZ II- POUSADA

Nº Contrato: ED150622

Tempo: 23 min

ORDE	PARADA	ESO	BAC	TOTAL
0	IES Arcebispo Xelmírez II	0	0	0
1	Agualada	3	1	4
2	Rúa Travesa	3	1	4
3	Cuartel	1	0	1
4	Cruce de Lavacolla	1	0	1
5	Sigüeiro	11	21	32
6	Barciela	3	2	5
7	Tras Veá	2	1	3
8	Cesar	4	0	4
	Totais	28	26	54



1.5. Plan de emerxencias

- **Primeiros auxilios:** Tranquilidade, socorrer ás vítimas, alertar os servizos de emerxencia (tfno 112)
- **Actuación en ruta ante situacións de perigo:**

avaría mecánica	non baixar do vehículo até que se arranxe
bloqueo de portas	evacuación polas ventás de evacuación
incendio no vehículo	sufocar o incendio primeiro, e de non ser posible evacuar ordenamente o vehículo
choque frontal ou lateral	aviso aos servizos de emerxencia e proceder á evacuación. Inmobilización dos feridos por parte dos bombeiros, garda civil ou policía
caída na auga	evacuación do vehículo mergullado
enfermidade ou ferida no autobús	primeiros auxilios no autobús e traslado da persoa afectada a centro hospitalario

2. OUTROS SERVIZOS

Cafetería

Funciona segundo as condicións fixadas pola Consellería de Educación en canto a servizos, produtos e prezos.

Os alumnos só poden facer uso da cafetería nos recreos e antes e despois da xornada lectiva, ao comezo e ao final da mañá ou a tarde, a non ser con permiso expreso do profesorado. Deben respectar os sentidos de circulación sinalados e a distancia de seguridade en todo momento.

Taquillas para o alumnado nos corredores do instituto

Propiedade e xestión a cargo da ANPA.

Este Capítulo I da PXA 2022-2023 foi aprobado polo claustro e polo consello escolar o 26 de outubro de 2022



PXA. ANEXO I



IES ARCEBISPO XELMÍREZ II

CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

2022-2023



Valoración das necesidades anuais

O plan concrétase tendo en conta as necesidades específicas de cada curso académico. mecanismo fundamental para identificalas é a avaliación inicial, contemplada máis adiante como unha das accións a desenvolver dentro da atención á diversidade.

Teñen carácter prioritario as accións preventivas e orientadas á detección temperá, concretada en:

- Coordinación cos centros de primaria adscritos.
- Reunións e charlas informativas co alumnado para informar e orientar da nova etapa educativa e os servizos do centro.
- Reunións e charlas informativas cos pais e nais para informar e orientar da nova etapa educativa e os servizos do centro.
- Sesións de acollida do alumnado por niveis
- Sesións de acollida cos pais e nais por niveis
- Reunión coas persoas titoras e orientadoras nos CEIPs adscritos para coñecer as necesidades do alumando
- Avaliación inicial no centro.

Medidas organizativas e académicas garantes da atención á diversidade

a) Grupos do alumnado

Os criterios para establecer os grupos foron elaborados en colaboración pola Xefatura de Estudos, o Departamento de Orientación e a Coordinadora da Dinamización da Convivencia. Tivéronse en conta as indicacións recibidas dos CEIPs adscritos no caso de 1º de ESO, e a información das Xuntas de Avaliación nos seguintes niveis.

Estes criterios concretáronse en que houbera nos grupos dun mesmo nivel un número equilibrado de repetidores, alumnado con NEE e alumnado con pendentes. De 1º a 3º de ESO cumpriuse este obxectivo. Nos cursos máis elevados (4º ESO, 1º e 2º BAC) as opcións de matrícula foron os elementos determinantes na confección dos grupos.

b) Agrupamentos

O centro, tal como foi aprobado en CCP, prioriza a atención ao alumnado nos primeiros cursos de ESO, atendendo a dúas razóns principais: sentar bases sólidas no proceso de aprendizaxe e reducir a conflictividade na aula .

No presente curso escolar existen dous agrupamentos en 1º e dous en 2º ESO, en diversas materias.



c) Reforzos educativos: pedagogía terapéutica

No curso 2022-2023 hai dúas profesoras de Pedagogía Terapéutica. Non atenderán ao reforzo dos exentos de segunda lingua estranxeira de 2º ESO, polo que se poderán centrar nos reforzos de alumnado con dificultades de aprendizaxe, que volven ser dentro da aula. Será obxecto de especial atención nos reforzos o alumnado con graves carencias na súa alfabetización, así como aquel que se incorpora ao sistema educativo español.

O programa de reforzos e apoios está concretado na programación do Departamento de Orientación.

d) Programas individualizados: alumnado con materias pendentes

Os departamentos didácticos elaboran nas súas programacións os programas de reforzo para o alumnado con materias pendentes, que serán aplicados polo profesorado do grupo no que estea escolarizado o alumno.

Deséñanse programas similares para o alumnado de 2º de Bacharelato que como consecuencia dun cambio de modalidade, ou a elección dunha materia da que non cursara a materia chave de segundo, deba superar as materias de 1º curso non cursadas previamente.

e) Atención ao alumnado con alto rendimento

Os departamentos establecen a atención ao alumnado que demanda un nivel académico superior ao dos seus compañeiros, a través de actividades voluntarias de ampliación. Ademais, o centro ofrece a este tipo de alumnado, de maneira voluntaria:

- a participación no Club de Ciencias
- a colaboración co Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística, a través do cal poden propoñer e traballar en actividades complementarias e extraescolares
- a participación nas Olimpíadas de diferentes materias de Bacharelato
- a participación en proxectos didácticos anuais desenvolvidos polos departamentos
- a participación e colaboración no Club de Lectura
- a participación no Premio Ofelia Devesa que organiza o centro co patrocinio de D.Carlos Lema Devesa.
- a participación no Bacharelato STEM de Excelencia en Ciencia e Tecnoloxía.
- a participación nas seccións bilingües de inglés en Educación Plástica e Visual en 1º e 3º ESO



- a colaboración no proxecto MarumaSat

O centro ten solicitado un contrato-programa CPIInnova na liña de excelencia.

f) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación

Os departamentos contemplarán as adaptacións correspondentes no caso do alumnado con discapacidade, do que conte con adaptación curricular significativa, e do que presente TDAH.

En todo caso seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería ao respecto.

g) Apoio ao alumnado non falante da(s) lingua(s) vehicular(es)

Varios alumnos iniciaron o curso con carencias na competencia básica nalgunha das linguas oficiais da comunidade autónoma. Os alumnos procedentes do estranxeiro descoñecen a lingua galega e nalgúns casos a castelá.

Para atender ás necesidades específicas deste alumnado abórdanse diferentes actuacións:

- exención na materia de lingua galega nos casos contemplados pola normativa vixente
- no caso dos alumnos con dificultades en calquera das linguas oficiais que sen embargo non impide seguir as clases, realizarase un apoio do profesorado do grupo a través de plans de reforzo da lingua.

h) Medidas extraordinarias de modificación do currículo

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

As adaptacións curriculares, medidas extraordinarias de atención máis frecuentes, serán elaboradas polos departamentos didácticos en coordinación co de Orientación, segundo as directrices da normativa vixente.

Outras medidas de atención á diversidade

a) Programas de habilidades sociais

O departamento de orientación elabora un programa de habilidades sociais que contempla actuacións para o desenvolvemento cognitivo, o autoconñecemento e a mellora da autoestima, programa que se incorpora ao plan de acción tutorial.



Así mesmo, correspóndelle elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais orientado a corrixir condutas disruptivas e mellorar a integración no centro, e un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que sexa sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao centro.

b) Atención educativa a alumnado imposibilitado de acudir ao centro

Aplicarase o disposto na normativa vixente.



PXA. ANEXO II



IES ARCEBISPO XELMÍREZ II

PLAN DE CONVIVENCIA DIRECTRICES ANUAIS

2022-2023

LIÑAS PRIORITARIAS PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO

A pesares de que no centro -como en todos- as relacións son asimétricas -como é no caso da relación profesor/a - alumno/a..., intentamos impulsar un modelo de corresponsabilidade onde o principio de autoridade non sexa a prioridade senón a distribución de responsabilidades e a asunción de compromisos por parte de toda a comunidade.

Se o alumnado se move no ámbito da aula, do centro, da familia e da contorna, entendemos que debemos articular as actuacións en torno a eses mesmos ámbitos:

1- A contorna:

Antes de comezar o curso recóllese información dos centros de orixe do alumnado para ter en conta a súa problemática académica, social, emocional...

A relación coa familia é fundamental e foméntase desde a presentación do profesorado por parte do Equipo directivo a principio de curso. Articúlase a información a través do titor/a e no caso de conflitos con certa importancia a través da Xefatura e da comisión de convivencia. Cremos que o fundamental e a información inmediata e a colaboración mutua.

Para dar a máxima cobertura posible infórmase e colabórase coa traballadora social e a educadora familiar do concello.

Dado que o centro está situado no barrio de Vite e nel vive a maioría do alumnado colaboramos co centro de EP, coa traballadora social do centro médico e co psicólogo do Plan comunitario de Vite.

A presenza de alumnado xitano con problemática específica, lévanos a traballar activamente coa Fundación Secretariado Xitano.

Consideramos necesaria tamén a colaboración con organizacións que tratan dificultades específicas como a UMAD, UAD... e todas aquelas nas que imos vendo que poden cubrir aspectos diversos.

2- O centro:

O equipo de convivencia (Xefe de estudos, Orientadora, Directora, Coordinadora de convivencia) réunese unha vez á semana para decidir a actuación ante os distintos tipos de conflitos. Esta reunión puntual é unha posta en común de seguimento e unificación de criterios. A resolución de conflitos implica inmediatez polo que esixe comunicación continua non só entre o equipo de convivencia senón tamén cos membros do equipo docente.

Entendemos que é tarefa de toda a comunidade educativa:

- Atención ás relacións que se establecen entre o alumnado. Respecto á diversidade, á singularidade... Observacións nos espazos onde permanecen os



alumnos/as xuntos fóra da aula.

- Rexeitamento a situacións de dominio sexa pola razón que sexa (etnia, xénero...)
- Creación dun clima de confianza onde o alumnado transmita as súas preocupacións e se sinta partícipe na busca dunha boa convivencia que rexeite actitudes inadecuadas ou inaceptables dos membros da comunidade.

O equipo de dinamización de convivencia inclúe tamén aos titores de 1º e 2º ESO, niveis nos que se concentran as condutas disruptivas e a conflitividade entre o alumnado.

3- A aula:

Por parte do profesorado e do titor/a do grupo. Desde a acción titorial se explican normas e se atende á diversidade na aula. Todas as semanas reúnen titores/as e a Orientadora para tratar das dificultades do grupos e dos casos concretos que necesiten atención.

A cobertura cara ao alumnado na aula, no centro e na contorna verase reforzado por unha aposta pola educación en valores desde a aula- tratando os temas transversais nas distintas materias- na titoría – con experiencias de teatro representado polos alumno e analizado por eles- e coa celebración de actividades en torno ao día da muller...na que se potencia o protagonismo do alumnado nos actos.

O noso obxectivo ademais completaríaase con outras propostas como a TEI, implantada en casos concretos con bos resultados.



PXA. ANEXO III



IES ARCEBISPO XELMÍREZ II PLAN ANUAL DE LECTURA

2022-2023

PLAN ANUAL DE LECTURA

O Plan Anual de Lectura do IES Xelmírez II recolle todas as actividades e intervencións relacionadas coa comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a formación audiovisual e as destrezas na busca de información desenvolvidas polos diversos departamentos didácticos, EDL, club de Lectura, Club de Ciencia e o equipo da biblioteca escolar. A Biblioteca será o centro coordinador de todas estas actividades.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar o hábito lector
- Desenvolver as destrezas de lectura.
- Desenvolver a comprensión lectora.
- Organizar actividades ligadas á lectura e ao audiovisual.
- Ofrecer o espazo da biblioteca escolar como lugar de lectura, investigación e traballo.
- Facilitar a integración lingüística do alumnado doutras procedencias e con necesidades de materiais específicos en diferentes formatos.
- Facilitar o hábito lector nas persoas con NDE (compra de materiais específicos e espazo propio na Biblioteca)
- Facilitar a adquisición de linguas estranxeiras coa adquisición de materiais específicos en diferentes formatos.
- Facer da Biblioteca o ámbito coordinador de todas as actividades ligadas ao hábito lector e á súa promoción. Este obxectivo de dinamización mantense malia o feito de que a biblioteca está convertida en aula ordinaria.

ACTIVIDADES A REALIZAR POLOS DEPARTAMENTOS

Cada departamento didáctico á hora de elaborar a súa programación anual inclúe as lecturas obrigatorias e recomendadas en cada materia e curso.

O equipo da Biblioteca recolle esta información, comproba a presenza deses materiais no catálogo da biblioteca do centro e cando sexa preciso adquire os novos materiais de lectura, preferentemente con cargo ao orzamento do PLAMBE.

Os departamentos deseñan tamén actividades que implican o manexo de todo tipo de materiais de lectura, de recursos audiovisuais e de busca e tratamento da información. Os departamentos poden desenvolver estas actividades en materias específicas optativas (1º de ESO: INTI), nas aulas ou en actividades complementarias ou extraescolares. Sempre que o desexen poderán utilizar o local da Biblioteca.

Todo o profesorado e os departamentos colaboran na "Hora de Ler", a actividade fundamental de fomento do hábito lector e que vimos desenvolvendo os últimos anos, asumindo a realización desta actividade nas horas lectivas que lles correspondan.

ACTIVIDADES A REALIZAR DESDE O CLUB DE LECTURA E O CLUB DE CIENCIAS

O centro solicitará o Club de Lectura. O profesorado que o coordine deseñará as actividades de lectura de dinamización lectora específicas para este curso: lecturas científicas, lectura de manga, cómic e novela gráfica, lectura noutras linguas (portugués), etc. O Club de Ciencias deseñará actividades que precisarán lecturas específicas dos seus ámbitos.

ACTIVIDADES A REALIZAR DESDE A BIBLIOTECA

Os obxectivos e as principais actuacións para este curso foron recollidos nas Liñas Prioritarias para a Biblioteca Escolar para este curso 2021-2022:

Obxectivos

- Minimizar o impacto da conversión da biblioteca en aula ordinaria, de maneira que non afecte ao hábito lector do alumnado.
- Incluír a todo o alumnado novo como socios da Biblioteca.
- Tratar de formar un grupo de alumnado colaborador en traballos de xestión e axuda básicos.

Actividades

- Como principal actividade de formación de usuarios, realización dunha sesión informativa a comezos de curso co alumnado novo (grupos de 1º ESO e 1º Bacharelato) explicando o funcionamento básico da biblioteca este ano: consulta dos fondos, préstamos e devolucións.
- Adquisición de libros ou materiais audiovisuais a petición dos departamentos didácticos.
- Adquisición de libros ou materiais audiovisuais de interese (novidades)
- Catalogación de todos os materiais relacionados co impreso e o audiovisual do centro.
- Expurgo do material deteriorado ou de nulo interese.
- Organización e coordinación desde o equipo da Biblioteca da “Hora de Ler” como principal actividade de promoción da lectura mantida durante todo o curso escolar. Elaboración do calendario da Hora de Ler e reparto do Caderno de Viaxe ao alumnado novo.
- Organización de posibles actividades ligadas ao libro e ao audiovisual relacionadas con conmemoracións especiais como o Día contra a Violencia de Xénero, o Día da Muller, o do Libro, Letras Galegas, etc., sempre respectando as medidas contempladas no plan de adaptación do protocolo das consellerías de Sanidade e Educación.
- Colaboración en calquera outra actividade proposta por profesores particulares ou por departamentos que teñan que ver co fomento do hábito lector que vaia aparecendo neste curso.



- Finalmente, avaliación cando chegue xuño do funcionamento da biblioteca e a Hora de Ler mediante unha enquisa ao profesorado e ao alumnado. Os resultados inclúiranse na memoria do PLAMBE deste curso 2021-2022.



PXA. ANEXO IV



IES ARCEBISPO XELMÍREZ II

PLAN ANUAL DE PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE

2022-2023

MEDIDAS A DESENVOLVER NO CURSO 2022-2023

- Oferta da materia “Estilos de vida saudable” en 2º ESO
- Desenvolvemento de actividades de lecer saudable nos recreos:
 - ✓ Hábitos de lectura co Club de Lectura
- Participación en actividades ofrecidas por institucións e organismos vencelladas á vida saudable, que neste curso, en razón da súa excepcionalidade, limitaranse a charlas e obradoiros
- Promoción dun consumo saudable na cafetería, coa oferta de:
 - ✓ produtos de pastelería sen aceite de palma
 - ✓ produtos para persoas celíacas e intolerantes á lactosa
 - ✓ colaboración no labor de control do alumnado con intolerancias alimentarias
- Desenvolvemento do Plan Proxecta na liña “Aliméntate ben”, a través da cal o alumnado toma conciencia dos riscos de determinados alimentos, en particular dos ultraprocesados, e do valor dunha alimentación saudable
- Desenvolvemento no Plan de Acción Titorial de medidas para garantir o benestar emocional do alumnado, como por exemplo:
 - ✓ Obradoiros de resolución de conflitos
 - ✓ Obradoiros de relacións afectivo-sexuais
 - ✓ Implantación do plan de igualdade
 - ✓ Prevención do acoso escolar e aplicación do protocolo de actuación, de ser necesario
- Participación en programas institucionais de prevención:
 - ✓ da drogadicción
 - ✓ da ludopatía
 - ✓ dos riscos de internet

RESPONSABLES DA REALIZACIÓN DAS MEDIDAS

O equipo directivo ten a misión de sinalar as directrices, liderar e coordinar a acción de todo o profesorado.

O departamento de orientación, en coordinación co profesorado titor, diseña e desenvolve o Plan de Acción Titorial, no que se incardinan moitas das accións previstas.

O profesorado participante no Plan Proxecta na liña “Aliméntate ben” organiza e dirixe as actividades que realiza o alumnado. Está coordinado pola Xefa do Departamento de Ciencias Naturais.

O conxunto do profesorado velará polo benestar físico e emocional do alumnado, participando de tódalas actividades e plans de fomento de



hábitos de vida saudable.

O persoal non docente colaborará de maneira activa neste senso, en particular, como figura nas medidas, o persoal da cafetería.

PXA. ANEXO V



IES ARCEBISPO XELMÍREZ II

CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN TIC E DE EDUCACIÓN DIXITAL

2022-2023

Concreción anual do plan TIC.

Nos cursos anteriores as actuacións do plan TIC centráronse na universalización do emprego de equipamento informático (como mínimo canón e proyector en cada aula) e na resolución dos problemas derivados deste, tanto de mantemento dos equipos como de actualización de software e de novas propostas de equipamento TIC. Actualmente están instalados en tódalas aulas ordenadores con acceso a internet e dispositivos de proxección. Para o presente curso escolar ampliouse ata as 30 postos unha das aulas de informática, para poder impartir a grupos enteiros as novas materias de Tecnoloxía e Dixitalización, e de Educación Dixital.

A experiencia do ensino a distancia desde marzo a xuño de 2020 deixou como aspectos positivos o coñecemento e uso por parte de todo o profesorado da aula virtual e de Abalar Móbil, así como a conexión da maior parte das familias por esta plataforma (o 98,64% das familias inician o curso con AbalarMóbil, e esperamos chegar ao 100%, con uso efectivo).

En consecuencia, no presente curso escolar as liñas de traballo do equipo TIC divídense nos dous grandes campos de:

- 1.- Mantemento e actualización do equipamento informático do centro, tanto no relativo ao software como ao hardware.
- 2.- Asesoramento no emprego das TIC e da dotación existente no centro relacionada con estas.

Tódalas actuacións enmarcaranse na aplicación do Plan Dixital de Centro aprobado en Consello Escolar o 14 de setembro de 2022.



PXA. ANEXO VI



IES ARCEBISPO XELMÍREZ II

PLAN DE IGUALDADE

2022-2023

1. INTRODUCCIÓN

O IES Arcebispo Xelmírez II fai da igualdade de xénero un dos seus sinais de identidade, como consta no PEC e nas sucesivas PXA. Os diferentes departamentos didácticos asumen a educación en igualdade como un dos valores transversais que artellan o currículo. Todos estes documentos son públicos, e polo tanto identifican a toda a comunidade educativa.

Nos últimos anos, o instituto desenvolveu actividades relacionadas coa efectiva promoción e loita pola igualdade, colaborando con accións institucionais como a iniciativa “Compostela en negro”, e sumándose á celebración de data sinaladas como o 25 de novembro ou o 8 de marzo.

A igualdade está moi presente desde sempre no traballo do Departamento de Orientación e no deseño do Plan de Acción Titorial, que inclúe ano tras ano obradoiros de educación afectivo-sexual e de prevención da discriminación por razóns de xénero.

En tódolos programas e accións educativas desenvoltas no centro está presente a perspectiva de xénero, na medida en que en todos eles se fomenta a participación igualitaria de chicos e chicas. En particular, nas accións STEM –Club de Ciencia, STEMBach- non só se ofertan por igual sen distinción de xénero, senón que se procura visibilizar o papel das mulleres na ciencia e na tecnoloxía invitando a investigadoras de primeiro nivel en tódolos campos. Esta mensaxe de igualdade á hora de deseñar o futuro laboral e profesional vese reforzada co labor do departamento de orientación, que aborda estes aspectos fuxindo de calquera estereotipo de xénero.

A ANPA do IES Arcebispo Xelmírez II está particularmente sensibilizada coa defensa da igualdade, o que se plasma na colaboración á hora de deseñar actividades extraescolares como charlas e obradoiros.

Como cómpre segundo a normativa, o centro conta cunha persoa responsable de igualdade no Consello Escolar, e o conxunto do profesorado fai un labor de detección de situacións de posible discriminación por razón de xénero ou LGTBIfobia. De ser o caso, a información trasládase ao Departamento de Orientación e ao Equipo directivo, que valoran a aplicación do protocolo correspondente. O curso pasado non foi preciso abrir ningún por este motivo.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

No PEC do IES Arcebispo Xelmírez II figura como un dos obxectivos a educación non sexista e en igualdade, cuxa promoción consta asemade como unha das funcións básicas da Comisión de Convivencia, plasmado no Plan de convivencia. Na concreción anual do plan de convivencia aparece como un dos pilares básicos de actuación.

No Plan de Acción Titorial está recollido especificamente a igualdade, a prevención de violencia de xénero, a prevención da LGTBIfobia e a loita

contra calquera forma de discriminación vencellada ao xénero.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTIFOBIA

Con relación á igualdade de xénero, a violencia de xénero e a LGTIfobia o IES Arcebispo Xelmírez II conta coas seguintes **fortalezas**:

- Un equipo docente no que son maioría as mulleres e no que existe unha concienciación e actitude positiva de cara á loita contra calquera forma de discriminación e/ou violencia.
- A colaboración coa ANPA nestes temas, nos que se implica moi directamente.
- A presenza de mulleres en postos de responsabilidade –dirección, secretaria, responsable da dinamización da convivencia-, que normaliza ante o alumnado a superación dos roles secundarios atribuídos tradicionalmente ás mulleres.
- A presenza dun colectivo significativo de alumnas –e tamén alumnos- concienciadas nestes temas, activas e reivindicativas.
- O interese dos últimos equipo directivos e órganos de coordinación didáctica en empregar unha linguaxe non sexista.
- A notable presenza de mulleres no equipo directivo e no Consello Escolar.

As **debilidades** son as seguintes:

- Presenza de alumnado pertencente a colectivos sociais nos que maioritariamente perdura unha visión machista e androcéntrica do mundo.
- De maneira particular, asunción por parte das menores mulleres destes colectivos dun rol secundario e mesmo de sometemento nas súas relacións persoais no ámbito familiar e círculo de amizades.
- Como é xeral entre os adolescentes e xoves, influencia no alumnado dos medios de comunicación de masas e das redes sociais con mensaxes misóxinos e LGTBIfóbicos, así como de letras de cancións, videoxogos e películas que trasladan unha visión machista, misóxina e/ou LGTBIfóbica.

Os **indicadores** formais no centro mostran desde hai ano un **equilibrio** de xénero en canto a delegados e delegadas de aula (aínda non están elixidos este curso, pola demora no seu inicio) e representantes do alumnado no Consello Escolar. Tamén no que fai á composición do equipo directivo e aos órganos colexiados do claustro do profesorado.

Os **desequilibrios** son moi claros:

- nunha maior matrícula de alumnos varóns nas opcións estritamente tecnolóxicas.

Na opción de Ciencias existe un desequilibrio de xénero en 1º de bacharelato, que se fai moi agudo nas opcións máis tecnolóxicas, estando as

alumnas de ciencias máis orientadas cara os estudos que implican coidados (medicina, enfermaría, veterinaria...). É unha situación preocupante polo que ten de estrutural e non conxuntural, e polo que traduce de interiorización de estereotipos nas adolescentes.

- nunha maior taxa de abandono escolar e de conflictividade no centro entre o alumnado varón (excepción feita da taxa de abandono das adolescentes do colectivo xitano).
- no uso dos espazos de lecer no recreo, nomeadamente o patio interior, tradicionalmente dominado polos chicos que xogan ao fútbol, situación que este curso non se vai producir por mor do plan de adaptación á pandemia. Isto vai servir para que no futuro xa non se volva a un uso exclusivo do patio por parte dos chicos.
- no ámbito das relacións persoais, cunha asunción de roles sexistas preocupante entre as menores, e que non sempre resulta evidente ou facilmente detectable. O problema afunde as súas raíces na transmisión de valores no ámbito familiar e na cultura de masas, polo que en moitos casos o entorno escolar é o único no que o alumnado está en contacto con valores de coeducación e igualdade.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

Promoción da igualdade de oportunidade entre homes e mulleres

- Educar desde a igualdade, facendo entender que as diferenzas de sexo non condicionan as capacidades das persoas.
- Potenciar un desenvolvemento do alumnado libre de estereotipos e roles de xénero, evitando reproducir estes durante a actividade docente.
- Valorar do mesmo xeito a homes e mulleres, sen expresar diferentes expectativas segundo o xénero do alumnado, valorando por igual o feito de ser home e o de ser muller.
- Fomentar as actividades deportivas de carácter non competitivo e nas que a participación de alumnas e alumnos se realice de maneira conxunta.
- Fomentar formas de expresión que fagan uso dunha linguaxe inclusiva.
- Visibilizar a presenza e aportación das mulleres en espazos e actuacións propias do centro (carteis e outro tipo de sinalización, exposicións, actividades, días conmemorativos, festas, etc.)
- Visibilizar ás mulleres nos contidos didácticos, nomeándoas e poñendo en valor a súa figura en igualdade de condicións cos homes.

Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Motivar e dinamizar ao alumnado sobre a violencia de xénero de maneira que sexan conscientes de tódalas súas manifestacións, incluídas aquelas de baixa intensidade tradicionalmente toleradas.
- Velar para que o alumnado non utilice expresións, comportamentos e



actitudes violentas, sexan do tipo que sexan.

- Involucrar ao alumnado, a través dos seus órganos colexiados, na prevención, detección e posta en coñecemento deste tipo de condutas.
- Propoñer estratexias de resolución de conflitos non violentas.
- Activar e aplicar con rapidez cando sexa preciso os protocolos de actuación en caso de que se dean situacións de acoso escolar ou outras formas de violencia relacionadas co xénero.

Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Recoñecer e respectar as diferentes maneiras de ser, sen presupor a heterossexualidade nin o xénero dos demais.
- Incorporar unha concepción ampla da familia, na cal teñan cabida as diversas estruturas familiares existentes.
- Valorar positivamente as expresións de afecto e amor entre as persoas, independentemente do seu sexo ou xénero.
- Respectar a intimidade dos demais.
- Fomentar a presenza de referentes positivos de [diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero](#).

Prevención, detección e intervención en caso de LGTBIfobia

- Motivar e dinamizar ao alumnado sobre a LGTBIfobia de maneira que sexan conscientes de tódalas súas manifestacións, incluídas aquelas de baixa intensidade tradicionalmente toleradas.
- Velar para que o alumnado non utilice expresións, comportamentos ou actitudes LGTBIfóbicas, sexan do tipo que sexan.
- Involucrar ao alumnado, a través dos seus órganos colexiados, na prevención, detección e posta en coñecemento deste tipo de condutas.
- Propoñer estratexias de resolución de conflitos non violentas.
- Activar e aplicar con rapidez cando sexa preciso os protocolos de actuación en caso de que se dean situacións de acoso escolar ou outras formas de violencia relacionadas coa LGTIfofia.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

O presente plan de igualdade debe entenderse como unha reflexión previa e un punto de partida para afondar na coeducación no centro. Por iso óptase por seleccionar un número limitado de medidas, que se consideran de posible posta en práctica, antes ca un listado profuso pero irrealizable. As medidas seleccionadas son as seguintes:

5.1. Organización do centro

- Fomento da presenza de alumnas nos órganos de representación, a través da acción titorial previa á elección de delegados e delegadas.
- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello

Escolar, unha vez renovado este órgano.

- Nomeamento dunha comisión no consello escolar para supervisar e impulsar as accións do plan de igualdade.
- Difusión deste plan entre os membros da comunidade educativa, a través da páxina web e das charlas de presentación do inicio de curso coas familias.
- Avance no uso dunha linguaxe non sexista, inclusiva e igualitaria, en toda a documentación do centro, que xa se ven producindo nos últimos anos.
- Publicación na web do centro e difusión entre o profesorado das pautas para o uso dunha linguaxe non sexista (segundo os departamentos de igualdade da [Xunta](#), da [USC](#) e do [Concello de Santiago](#)).
- Conmemoración de datas sinaladas no ámbito da igualdade e da loita contra a violencia de xénero e contra a LGTBI fobia, entre elas:

Día Internacional da non violencia de xénero	25-N
Día mundial da loita contra a SIDA	1-D
Día escolar da Paz e a Non Violencia	30-X
Día da Muller e Nena na Ciencia	11-F
Día da Muller Traballadora	8-Marzo
Día das Familias	15-Maio
Día internacional contra a LGTBIQfobia	17-Maio
- Deseño e aplicación do Plan de Acción Titorial, con obradoiros, actividades e medidas enfocadas a loitar contra o sexismo, a violencia de xénero e a LGTBI fobia, en colaboración con distintas asociacións e organismos.
- Publicación na web do centro e difusión entre o profesorado das pautas para a análise do material didáctico segundo unha perspectiva de xénero.
- Publicación na web do centro e difusión entre o profesorado das [pautas para loitar contra a LGTBIQfobia](#) que ten elaborado o Instituto da Muller.
- Publicación na páxina web e difusión entre o profesorado dos diferentes protocolos en materia de igualdade publicados pola Consellería de Educación.
- Colaboración coas familias, a través da ANPA, na tarefa de concienciación sobre igualdade e no deseño de actividades complementarias e extraescolares.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e saberes

- Posta en realce da aportación das mulleres nos distintos campos do saber na actividade lectiva ordinaria e en todos os proxectos do centro:
 - ✓ EspazoMaker, fomentando a participación das alumnas nos proxectos, incluídos os de perfil tecnolóxico.
 - ✓ Bacharelato de Excelencia en Ciencia e Tecnoloxía, cunha sinalada presenza de mulleres científicas de primeiro nivel das universidades e

centros de investigación galegos.

- ✓ Club de Lectura, a través da lectura crítica dos roles femininos presentes na literatura.
 - ✓ Club de Ciencia, que subliña as aportacións das científicas e conmemorando, como nos últimos anos, o día da Muller e a Nena na Ciencia, animando ás alumnas a participar na práctica científica e fomentando as vocacións científica-tecnolóxicas libres de estereotipos de xénero.
 - ✓ Plan Proxecta, que anima ás alumnas a participar na práctica científica e fomenta as vocacións científica-tecnolóxicas libres de estereotipos de xénero.
 - ✓ Proxecto MarumaSat.
- Difusión con especial fincapé da aportación das mulleres no campo científico e artístico galego.
 - Revisión por parte da CCP dos diferentes materiais utilizados na práctica docente, para evitar aqueles que perpetúen os estereotipos de xénero.
 - Realización de actividades de revisión crítica co alumnado dos libros de texto desde unha perspectiva de xénero, en actividades de tutoría e de aula, utilizando, entre outras, as [pautas do Instituto da Muller](#) (pax. 70-73 do documento; tamén [neste documento](#)) ou as contidas en documentos como o que se pode consultar [neste enlace](#). Toma de conciencia do [sexismo nos libros de texto](#), e coñecemento das pautas que permiten [recoñecer un libro coeducativo](#).
 - Superación dos estereotipos de xénero no campo das novas tecnoloxías, a partir do exemplo dos [videoxogos](#).

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Reserva dun espazo no taboleiro do centro para a difusión de información sobre igualdade.
- Aproveitamento da imposibilidade de realizar no recreo actividades deportivas monopolizadas polos chicos (fútbol) para fomentar o lecer entre iguais e actividades coeducativas.
- Promoción a través da biblioteca (de xeito virtual) de lecturas e películas que fomenten a igualdade e os valores da coeducación.
- Orientación académica e profesional igualitaria, fronte aos estereotipos de xénero.
- Deseño de actividades físico-deportivas desde a igualdade.
- Fomento da vocación científico-tecnolóxica das alumnas de menor idade, a través das actividades de aula e da súa participación nos programas escolares de ámbito STEM.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Formación do alumnado para identificar todas as formas de discriminación e violencia por razón de xénero, incluídas a violencia verbal e non verbal, as actitudes intimidatorias e as que disfrazadas de cordialidade ou camaradería invaden o espazo persoal e crean malestar en quen as recibe.
- Concienciación do alumnado da necesidade de denunciar toda forma de discriminación e violencia, e da súa corresponsabilidade na creación dun clima de convivencia baseado no respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Difusión entre o alumnado das canles de comunicación ao seu dispor (xunta de delegados e delegados, representantes do alumnado no Consello Escolar, profesorado titor, departamento de orientación, equipo directivo) para dar a coñecer situacións de non respecto aos valores de igualdade de xénero.
- Rápida actuación do profesorado e do equipo directivo ante este tipo de situacións, activando se fose preciso os protocolos previstos.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Este é un documento aberto sometido a continua revisión, recibindo aportacións de tódolos sectores da comunidade educativa, a través de:

- a persoa responsable da igualdade no Consello Escolar
- a comisión de igualdade do Consello Escolar
- Consello Escolar
- a CCP
- claustro

Para o seu seguimento establecerase como mínimo unha reunión trimestral da comisión de igualdade no Consello Escolar. Esta poderase reunir tamén por petición razoada de calquera membro da comunidade educativa para abordar aspectos puntuais.

Os instrumentos de avaliación serán a observación directa e a realización de cuestionarios.

Como indicadores de medida teranse en conta os seguintes:

- ✓ Número de veces en que é necesario aplicar os protocolos da Consellería relativos á igualdade de xénero.
- ✓ Número de condutas contrarias as normas de convivencia que inclúen un matiz sexista e atentatorio contra a igualdade de xénero, en calquera grao.
- ✓ Inclusión na páxina web do centro dun espazo sobre igualdade con información e documentos de traballo (guías de uso de linguaxe non sexista, táboas de análise de materiais didácticos desde unha perspectiva de



xénero).

- ✓ Mantemento actualizado do taboleiro de igualdade no centro.
- ✓ Uso non sexista dos espazos de lecer do centro.
- ✓ Uso dunha linguaxe non sexista e inclusiva nos documentos do centro.
- ✓ Presenza igualitaria de alumnos e alumnas nos seus órganos de representación.
- ✓ Incremento do número de alumnas en materias do ámbito tecnolóxico (indicador a seguir ao longo de anos)

PXA. ANEXO VII

IES ARCEBISPO XELMÍREZ II



ADDENDA AO PROXECTO

LINGÜÍSTICO

2022-2023

Ao abeiro do disposto no artigo 11.4 do Decreto 79/2010, elabórase a seguinte addenda do proxecto Lingüístico do centro.

1. Información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación

Non existen cambios con respecto ao curso pasado.

2. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados no curso anterior e información do que se vai desenvolver no presente curso

a.- Valoración do curso 2021-2022

A memoria do EDL evidencia a variedade e elevado número de actividades que se levaron a cabo para fomentar e dinamizar a lingua galega, mesmo en condicións de pandemia. Abrangueron diferentes ámbitos de actuación:

-no eido dixital, co mantemento do blogue, de diferentes canais de youtube, e da aula virtual específica

-no eido da ciencia, poñendo en valor o uso do galego na creación e transmisión de contidos científicos, a través da experiencia de investigadores galego

-no eido da arte, coa difusión do galego no mundo do cine, a fotografía e as artes plásticas

-no eido das artes escénicas, coa asistencia a obras de teatro e recitais poéticos

-no eido da música, co achegamento ao alumnado da música galega, con diferentes estilos –do folclore á música clásica-, para evidenciar a viabilidade do galego como vehículo de produción e transmisión cultural

-no eido do deporte, a través da experiencia de deportistas galegos

-no eido da literatura, dando a coñecer o patrimonio literario galego e animando ao alumnado á creación literaria en lingua galega

A valoración global é moi positiva, pola diversidade, cantidade e sobre todo calidade das accións desenvolvidas, e así o entende o conxunto da comunidade educativa.



b.-Información do curso 2022-2023

A composición do EDL é a seguinte:

Profesorado:

Xaime Varela Sieiro (coordinador, departamento de Lingua Galega)

Resto de membros por determinar

En canto ás actividades previstas, darase continuidade ás liñas de actuación desenvolvidas en cursos pasados, ao tempo que se incorporan novas actuacións. As actividades concretas figurarán no capítulo III da PXA, centrado en actividades extraescolares e complementarias.